

INAUGURADO AYER EN EL MONASTERIO DE POYO EL «I CONGRESO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA»

PONTEVEDRA.
(D. P.)

Tal como tiñamos anunciado, onte, sábado, dou comenza ó «I Congreso de Escritores en Lingua Galega», que haberá de darse por finalizado mañán, no Convento de Poio.

Fixo a presentación o presidente da asociación, Bernardino Graña Villar, que falaría que mentras proseguiría a desconfianza, nada poderíamos facer, xa que este non é un congreso pra lucirnos nin pra promocionrarnos, xa que éste é un congreso necesario, no que debemos de obter responsabilidades positivas.

Os escritores —proseguiría—, non somos más que vehículos da expresión de esta nosa Galicia, e deseamos que esta unión de todos, poida servir pra poder normalizar a esta Galicia cakada, con unha vida ciudadán, educada e de convivencia.

Sin dúbida —terminaría—, da propia literatura nacerá o noso amor a Galicia, e nós, como amamos a Galicia, por eso fixemos este congreso, e non por outro interés.

Rafael Dieste, habería de aminar o tono de queixa por unha tonalidade de ledicia, indicando que nunca houbo unha discordia entre nós, independentemente das ideoloxías, ainda que non o marchen das ideas, posto que, entre todos, tiñamos unha fonda confianza de que a partir do galego, algo importante tiña que xurdir.

Dieste ofrecía aquela hipérbolica frase de Risca, indicativa de que “temos que imponer a nosa impronta no Atlántico”, escomenzando pola amistade e polo diálogo, tendo en conta de que disponemos de un idioma, o que debemos de tratar con moito respeto.

Pola súa parte, Ricardo Carballo, falaría da defensa dos intereses análogos e de ese sentimento de eficacia que se debe de eisixir en este momento, despois delongos séculos de ignorancia oficial do idioma, de quen debemos de recuperar o sentido natural e científico.

O profesor Carballo Calero finaría a suas intervencións, decindo que erguía os seus brazos en fervoroso voto, pra que algo do

que anda torto, salga endereitado do congreso.

A clausura dos actos da mañán estuvo ofrecida por Alfonso Pexegueiro, “alma mater” do congreso, que fixo a sus lembranza dos grandes ausentes, Cunqueiro, Blanco Amor, Seoane e Celso Emilio, indicando que todos somos responsables de afirmación da nosa cultura.

Pola tarde, despois do xantar Basilio Losada, falaría da profesionalidade do escritor, camiño polo que ten que ir indo a nosa literatura, si é que deseja salir de esa artesanía de hoxe, debido a que o escritor sigue sendo un “dominguero”, que vive en continuo esforzo.

Cunqueiro e Blanco Amor —dixo—, tuveron que facelo no lingua oficial, cando posuían un idioma pra poder moldear e traballar.

Tantas veces mercábanse libros por verdadeiro patriotismo, como consecuencia da anormalización. Por eso debemos de profesionalizala, pra poder sobrevivir diñamente.

Pola súa parte, Pilar García

Negro, falaría da práctica regular do idioma, familiarizando os alumnos co idioma do país, preparando o propio profesorado, xa que contribuir a normalización da lingua e normalizar o país politicamente, tendo en conta que a lingua é a clave de paso de moitas cousas.

Pilar Vázquez Cuesta, dentro dos problemas da literatura galega, interesase pola pervivencia nosa literatura, na que distingue e clarifica diferentes posturas indicando o desamparo actual e as insuficiencias dos medios de comunicación.

Os escritores portugueses José Augusto Seabra, Ferreira e Claudio Murillo, presidiron o último acto da xornada, ofrecendo un importante coloquio.

Pra hoxe, está programada a ponencia de Víctor Vaqueiro e Miguel Anxo Murado, con Xosé Ramón Pena e un membro do Instituto da Língua.

O grupo de poesía “Rompente” ofrecerá, con Manuel Cuña Novás, a actitude sobre la actualidade poética.